

# 1 ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

[www.marinasbetanzos.org](http://www.marinasbetanzos.org); [blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://gdr29.blogspot.com/); [info@marinasbetanzos.org](mailto:info@marinasbetanzos.org)

## **ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 08 DE NOVEMBRO E 18 DE NOVEMBRO DE 2010.**

En Bergondo, a 08 de novembro de 2010, no Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo) sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

### 1.1 Asistentes:

- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural e Deportiva Val de Aranga).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Andres Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da mesa sectorial das Administracións Locais.
- D. Jorge M. Blanco Ballón, Xerente Programa LEADER 2007-2013. Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.
- Dna. Concepción Bonome González, técnica do Programa Leader. ADR Mariñas-Betanzos.
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Sindicato Labrego Galego).
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

### **1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Apróbase a Acta da reunión de Xunta directiva do día 11 de outubro de 2010, por unanimidade.

### **2.- PROPOSTA DEFINITIVA DE AGADER, DO CAMBIO NO REXIME DE AXUDAS.**

Agader propuso un segundo borrador de modificación das Bases e Réxime de axudas do Programa Leader 2007-2013 que substituirían as vixentes na actualidade.

Comentase o borrador das Bases e Rexime de axudas remitido por Agader.

Ao respecto da dúbida plantexada pola Xunta directiva na pasada reunión de Xunta directiva, aclarar que según se recolle no convenio, Agader pode modificar unilateralmente a normativa, sen necesidade de tramitación específica.

#### **Décimo quinta.- Modificación do convenio.**

Este convenio poderá modificarse, en función do desenvolvemento efectivo do programa de desenvolvemento rural, mediante a subscrición do oportuno acordo, que deberá asinarse antes da finalización do prazo de vixencia.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, cando o orzamento asignado para a execución do programa de desenvolvemento rural varíe como consecuencia de modificacións no orzamento do PDR, da reprogramación solicitada polo GDR e aceptada por Agader, da distribución da reserva de eficacia, do ritmo de execución do citado programa, da redistribución de fondos entre programas dos GDR, do incumprimento da regra n+2 e doutras obrigas, así como noutros casos similares, os cadros financeiros sinalados no anexo II deste convenio entenderanse modificados sen necesidade de tramitación específica.

Ademais, as modificacións normativas e calquera variación do territorio de actuación aprobada por Agader comportará a modificación deste convenio sen necesidade de tramitación específica.

#### **Décimo oitava.- Normativa aplicable á xestión dos fondos asignados ao programa de desenvolvemento rural.**

Na aplicación deste convenio e na xestión do programa de desenvolvemento rural terase en conta a normativa comunitaria, estatal, autonómica e local aplicable ás actuacións subvencionables. En particular, aplicaranse os seguintes actos e normas:

- A Decisión da Comisión Europea C (2008) 703, do 15 de febreiro, aprobatoria do PDR.
- As bases reguladoras e a convocatoria da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, aprobadas polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008.
- O programa de desenvolvemento rural para o territorio do GDR, seleccionado polo acordo do Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008.
- As normas do GDR para a xestión do programa.
- O Réxime de axudas.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño, sobre o financiamento da política agrícola común.
- O Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- O Regulamento (CE) nº 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005.
- O Regulamento (CE) nº 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Sen prexuízo do anterior, Agader poderá establecer regras complementarias para precisar as funcións e obrigas do GDR e para facilitar a execución do programa de desenvolvemento rural e do PDR. Así mesmo, Agader poderá concertar convenios e acordos con outras entidades sobre a complementariedade das axudas, a coordinación de actuacións ou outros aspectos que

A Xunta Directiva procede á análise do borrador das Bases e Rexime de Axudas, recollendo propostas.

Esta Xunta Directiva, chegadas as 22:30 horas, acórdase facer un descanso e continuar coa análise do borrador das Bases o vindeiro luns 18 de novembro de 2010, ás 19:30 horas

Xúntase como anexo as alegacións acordadas.

Posteriormente, o equipo técnico procederá enviar a Agader as propostas da Xunta Directiva.

### **3.-PRÓXIMA CONVOCATORIA DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN DE AGADER.**

Desde Agader se ten transmitido de xeito informal que a principios do ano próximo sacarán a liña de cooperación de proxectos entre GDRs, que estarían subvencionados ao 100%, con financiamento engadido ao cadro financeiro. Desde o equipo técnico animase á Xunta directiva a iniciar a reflexión estratéxica sobre as liñas de cooperación que máis interesan. Para iso, propónse enviar á directiva un listado de posibles proxectos de cooperación para empezar a traballalos a través das distintas Mesas sectoriais. Os proxectos de cooperación son o marco que teñen as distintas Mesas sectoriais para, en cooperación con outros GDRs, aplicar as liñas estratéxicas que respondan as demandas do territorio.

A día de hoxe, e tras ter avanzando na estratexia plantexada polo GDR, se ven como viables ou xa iniciados as seguintes liñas de traballo:

- 1.- *“Estudo para a posta en valor da vía XX “Per loca marítima”*
- 2.- *Avance no deseño e posta en marcha dunha Reserva da Biosfera.*
- 3.- *Avaliación preliminar do deseño dunha Marca de garantía para “Planta de Galicia”*
- 4.- *Recuperación de cultivos tradicionais.*
- 5.- *Slow food – Slow cities: creación de paquetes turísticos.*
- 6.- *Fomento e animación da innovación no medio rural: creación dunha plataforma de animación.*
- 7.- *Animación dos procesos de Custodia do territorio en Galicia.*
- 8.- *Creación de paquetes turísticos, a través das Rutas do Viño.*
- 9.- *Proxecto para a recuperación e prevención de incendios.*
- 10.- *A proxección dos territorios a través do cine e a fotografía.*
- 11.- *Promoción territorial mediante a aplicación das tecnoloxías en móbiles con GPS*

Acordase que o equipo técnico elabore e remita as fichas de descripción de proxectos e proceda a súa agrupación en cada unhas das mesas sectoriais para ser traballadas nestas a principios de 2011.

#### **4.- ROGOS E PREGUNTAS**

##### **4.1 Concesión de axuda da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.**

A Asociación Mariñas-Betanzos solicitou unha axuda ao abeiro da Orde do 14 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a fundacións, asociacións e outras entidades e institucións sen ánimo de lucro para o financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos, mitigación ou adaptación ao cambio climático e implantación e mantemento no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras notifica a concesión para a realización do proxecto “ Compostaxe doméstica na comarca de Betanzos” a executar do seguinte xeito:

- 4.929.-€ para a anualidade 2010.
- 14.786.-€ para a anualidade 2011

<b>Proxecto demostrativo de redución da fracción orgánica do lixo a través da compostaxe doméstica na comarca de Betanzos</b>
---

#### **Resumo**

.....

O proxecto pretende desenvolver accións demostrativas e experimentais co que determinar a eficiencia da compostaxe doméstica en distintos contornos socioeconómicos representativos da comarca da Betanzos coa que obter información técnica coa que basear o deseño dun futuro sistema de compostaxe doméstica que puidese abarcar o conxunto de territorio e reducir os aportes da fracción de materia orgánica ao sistema de recollida e tratamento industrial do lixo en vivendas. O proxecto tamén pretende contribuír a sensibilización cidadá en materia de residuos e sobre a necesidade de minimizar a súa xeración.

Esta experiencia piloto realizarse nos termos municipais de Irixoa, Paderne, Coirós, Oza dos Ríos e Miño, todos eles en continuidade xeográfica e formando parte da comarca de Betanzos e área de acción do Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos (GDR29)

O responsable técnico e persoa de contacto do proxecto será D. Jorge Blanco Ballón, enxeñeiro agrónomo e xerente do programa Leader da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos

#### **Obxectivo xeral:**

---

Experimentar o funcionamento da compostaxe doméstica en diferentes tipoloxías de unidades familiares, vivendas e entornas sociais e xeográficas da comarca de Betanzos, recollendo información técnica e avaliando as posibilidades da súa posible implantación sistemática no territorio no futuro.

#### **Obxectivos específicos:**

---

- Detectar as dificultades e identificar vantaxes que o sistema experimental presenta nos diferentes contornos sociais e territoriais.
- Aumentar a sensibilización social cara a necesaria redución da xeración de lixo en vivendas
- Aumentar a compostaxe doméstica na comarca de Betanzos reducindo o aporte de materia orgánica ao sistema de recollida e tratamento de lixo.

#### **Contextualización e xustificación**

---

A xestión do lixo é unha preocupación permanente nas corporacións municipais e foco de diferentes niveis de conflictividade social (distribución de colectores, taxas, frecuencias de recollida e sostenibilidade desta, etc.) o que pon de manifesto que traballar coa poboación local aspectos que melloren a comprensión e implicación cidadá debe ser unha acción preferente na xestión pública dos residuos.

Dende un punto de vista de xestión, calquera que sexa o modelo de tratamento, prima a redución de insumos ao sistema, polo que minimizar a entrada de lixo no mesmo debe ser contemplado como unha prioridade. O sistema de compostaxe doméstico facilita que os participantes diminúan o seu aporte ao sistema de recollida e tratamento xeral do lixo en aproximadamente o 40%, que corresponde á fracción orgánica dos RSU.

Así a **minimización** é o eixo do presente proxecto, que persegue destacar os problemas e puntos fortes da compostaxe na que basear o deseño dun **proxecto a maior escala para o territorio nun futuro próximo**.

A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” constitúese en xullo de 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR29) coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación e, a estratexia de desenvolvemento concibida pola Asociación, ten como obxectivo final a valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partir da valorización do patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social.

En base a esta estratexia concíbese este proxecto que pretende **mellorar as condicións de sustentabilidade do territorio** e, en certa medida, pechar o ciclo de xestión de residuos da fracción orgánica.

Dada a natureza orgánica da **asociación, formada polas propias institucións municipais (responsables da xestión do lixo) xunto cos axentes sociais do territorio (coa capacidade de activación e mobilización da poboación)**, permite garantir unhas pouco frecuentes condicións de pluralidade, sinerxía e capacidade de liderado coas que se prevén unhas condicións óptimas para afrontar o desenvolvemento do proxecto con garantías de éxito.

Nos anos 2007, 2008 e 2009 a asociación ten participado na posta en marcha da Axenda21 neste territorio.

### **Destinatarios**

O proxecto contempla dous niveis de destinatarios:

- **Familias de referencia:** Correspondente con unidades familiares que servirán de referencia para a toma de datos do proceso de compostaxe. Serán seleccionadas entre as candidatas con criterio de representatividade dos distintos grupos e contornos poboacionais do territorio. Recibirán unha atención e soporte especial e serán sometidas a accións de control e calidade do proceso e resultados. Sobre a experiencia deste grupo de destinatarios se elaborarán os informes e conclusións do proceso que marcarán as pautas de posteriores intervencións para un hipotético futuro proxecto de implantación máis extensiva do proxecto.

50 familias, con 3,5 membros de media por familia, fan un total de 175 beneficiarios directos estimados para esta categoría.

- **Público interesado:** Aínda que o obxectivo principal do proxecto é obter conclusións de funcionamento dos composteiros usando as “familias de referencia” coidamos que o proxecto representa unha importante oportunidade de aproveitar o impacto público do mesmo para estender as accións (e seus efectos sobre a minimización dos residuos) o que ademais levaría asociado unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos.

150 familias, con 3,5 membros de media por familia, fan un total de 525 beneficiarios estimados para esta categoría.

### **Metodoloxía**

O área de intervención do GRD 29 abrangue 16 concellos nos que atopamos diferentes características. Hainos con un marcado carácter urbán ou periurbán, coma Betanzos, Cambre ou Culleredo, outros teñen un perfil residencial e de servizos, como Miño, Betanzos ou Oleiros, mentras que unha maioría (Paderne, Irixoa, Oza dos Rios, Cesuras,...) exhiben un forte carácter rural e agrario.

Porén, a casuística do lixo orgánico é un denominador común a todos eles. Algúns deles (Oleiros, Arteixo, Cambre, Culleredo, Bergondo, é dicir os pertencentes ao Consorcio das Mariñas) levan os seus residuos a la planta de compostaxe de Nostión, en A Coruña; outros (Miño, Sada, Irixoa Paderne,...) os levan a SOGAMA, onde son incinerados para a produción de enerxía eléctrica. Tanto nun caso como noutro, ao problema xerado polo volume dos residuos orixinados, súmase o ocasionado polo seu transporte.

Dado que a totalidade dos concellos teñen zonas rurais e residenciais que posúen xardín, unha alternativa para a redución do contido da bolsa de materia orgánica pasaría pola compostaxe dos residuos domésticos e de xardín e horta para seu emprego como abono orgánico nas mesmas localizacións onde se producen evitando, deste xeito, o custe asociado a seu transporte e tratamento.

Neste senso, faise preciso abordar accións que permitan sensibilizar, motivar e transmitir os coñecementos precisos á cidadanía para lograr que esta sinxela práctica arraigue nos seus costumes o poda xeralizarse como unha práctica de vida sustentable e de aforro enerxético. Neste marco encádrase a actividade demostrativa proposta, que respostaría ás seguintes características.

### **Ámbito de intervención.**

Dado o carácter demostrativo do proxecto, preténdese que se acolla a esta actividade poboación de diferentes tipoloxías: a) persoas con explotacións agrarias ou gandeiras, b) residentes en vivendas unifamiliares con xardín e c) veciños de urbanizacións con zonas verdes comúns.

Os concellos participantes nesta iniciativa foron seleccionados tendo en conta a existencia destes perfís. Toman parte no proxecto cinco concellos: Irixoa, Paderne, Coirós, Oza dos Ríos e Miño; os catro primeiros polo seu carácter agrario, si ben en Paderne, Irixoa e Oza dos Ríos, comeza a producirse o establecemento de xente provinte das cidades (A Coruña, Ferrol e Betanzos) en casas rurais restauradas que son asimilables a vivendas unifamiliares, polo que poderían abranguerse ambos colectivos. A elección de Miño está motivada pola existencia de urbanizacións de primeiras e segundas residencias que permitirían completar o espectro de destinatarios.

### **Intensidade da actuación e actividades**

O proxecto prevé a execución de **accións demostrativas con 50 familias** (unha media de dez por concello) que **recibirán composteiros, información, formación, asesoramento e seguimento periódico persoal** ao longo da duración do proxecto a cargo da coordinación e das entidades colaboradoras. Esta acción fará as funcións de visibilización do proxecto ante a opinión pública da comarca e servirá de estímulo para que outros veciños e veciñas se decidan autonomamente a pór en marcha sistemas de autocompostaxe.

Se fará un **acto de presentación pública do proxecto**, no que se dará a coñecer ante a cidadanía e os medios de comunicación a dimensión, obxectivos, características e patrocinios do proxecto, así como as bases para a selección das familias beneficiarias e o procedemento para a presentación de candidaturas. A selección das familias participantes se fará en colaboración e de común acordo con de cada Concello mediante unha comisión organizada a tal efecto pola entidade promotora do proxecto cos representantes municipais designados para elo.

En cada un dos concellos participantes se celebrará un **obradoiro formativo** destinado aos participantes seleccionados, no que se lles facilitará toda a información relevante e as boas prácticas aplicables para producir un compost de calidade. Estes obradoiros poderán abrirse a outros cidadáns que aínda non sendo das 50 familias beneficiarias directas (as que se lle entrega o composteiro e reciben o seguimento) queiran establecer un sistema doméstico de compostaxe e queira aproveitar esta oportunidade formativa.

Se confeccionarán unha serie de **materiais**, que se distribuirán en colaboración cos concellos e outras entidades de tipo social que forman parte do GRD:

- **folleto divulgativo sobre a compostaxe individual**, enfocado a divulgar as súas vantaxes, xerar sensibilidade social e captar novos usuarios
- **guía da compostaxe**, orientada a facilitar a labor daquelas persoas que se decidan a desenvolver autonomamente un sistema doméstico de autocompostaxe, con información práctica que abrangue dende onde mercar ou como construír un composteiro, ata o seu mantemento, consellos e instrución para mellorar e aproveitar o compost producido.

Se desenvolverá unha **páxina web** do proxecto, con información e novidades da evolución do proxecto, información práctica cos contidos da guía, información de provedores locais de produtos relacionados coa compostaxe, taboleiro de anuncios, e canalizará as consultas e o asesoramento.

Todos os participantes do proxecto poderán contar cun **servizo de orientación e asesoramento** de cada unha das fases do proxecto. Este apoio se facilitará a través da páxina web, vía e-mail ou teléfono. As familias que participen na fase demostrativa recibirán visitas periódicas e asesoramento directo en persoa. Este servizo se desenvolverá en coordinación cos técnicos municipais de cada concello.

A vontade do proxecto é que este servizo de asesoramento e orientación (vía telefónica, web ou e-mail) estará tamén dispoñible para calquera cidadán, aínda que non forme parte do núcleo de 50 familias beneficiarias, pero por razóns orzamentarias non poderán recibirán visitas de seguimento. Con este soporte facilitamos a extensión do número de potenciais beneficiarios e polo tanto da redución da fracción orgánica achegada ao sistema de recollida.

O equipo técnico de coordinación do proxecto, xunto cos técnicos municipais dos concellos participantes elaborarán un documento de resultados con datos do proxecto (número de familias participantes, participantes na acción formativa, material distribuído, cantidade e calidade de compost producido, estimación de materia orgánica detraída do sistema de recollida de lixo, etc.) e cunha parte descritiva e analítica de obstáculos ou eivas ao desenvolvemento do proxecto, propostas de corrección para ter en conta nunha futura planificación para un proxecto a maior escala sobre este territorio.

### **Visibilidade**

Todos os actos e eventos do proxecto (evento de presentación do proxecto, acto final de comunicación de resultados e obradoiros formativos) estarán presididos por un rótulo co título do programa e os logotipos da asociación e da Xunta de Galicia. Igualmente todo o material editado e composteiros entregados irán debidamente rotulados cos logotipos de promotor e patrocinador, así como daquelas outras entidades e concellos que participan e colaboran no proxecto.

### **Indicadores**

Para avaliar a consecución dos obxectivos propostos se establecerán os seguintes indicadores:

- número de unidades familiares solicitantes
- número de unidades familiares inscritas
- número de unidades familiares que finalizan el proceso
- materia orgánica detraída do sistema de recollida de lixo (estimación)
- número de folletos e guías distribuídas



- número de visitas á web
- número de consultas formuladas (web, e-mail, telf.)
- número de documentos descargados da web.
- informe final de vantaxes, dificultades e propostas para un futuro proxecto máis amplo.

## **Recursos**

---

Para a coordinación e seguimento do proxecto se contratará o servizo profesional dunha entidade ou empresa especializada e con experiencia contrastada en proxectos semellantes. Esta coordinación será apoiada pola equipa técnica da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos e os equipos técnicos das concellerías de medio ambiente dos concellos involucrados. Igualmente se convocará ás entidades sociais que forman parte da asociación (aproximadamente 100 entidades) para presentarllas o proxecto e ofrecerlles a posibilidade de colaborar coa equipa técnica no desenvolvemento dalgunhas das actividades.

Os servizos de formación para os obradoiros e o deseño dos materiais divulgativos (folleto, guía e páxina web) serán contratados a empresas ou entidades de probada competencia na confección deste tipo de produtos.

A equipa técnica da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos ocuparase da actividade administrativa e seguimento do bo desenvolvemento da actividade conforme aos termos expresados no presente proxecto.

Se prevé a adquisición de composteiros e impresión de diverso material divulgativo, formativo ou de promoción (tal e como se relaciona, indicando cantidades, no apartado de orzamento) que será encargados aos nosos provedores habituais.

## **Programa de comunicación**

---

Dende a coordinación se establecerá un gabinete de comunicación que organizará e desenvolverá as relacións cos medios de comunicación, xerando dimensión pública a todos os eventos descritos nesta memoria técnica. Este programa ten como fin garantir unha adecuada cobertura dos distintos medios de comunicación e seu impacto na opinión pública de acordo aos obxectivos expresados no apartado correspondente. Para elo se ocupará de emitir comunicados de prensa nos momentos clave do proxecto, xestionará entrevistas dos beneficiarios, patrocinadores, promotores, etc.; elaborará reportaxes para xornais e radios locais ou para as web das entidades membro da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos, etc.

Tamén se ocupará da supervisión dos materiais didácticos e dos actos públicos para garantir o adecuado uso das marcas corporativas do proxecto e as entidades implicadas.

## **Cronograma**

---

O proxecto tería unha duración de doce meses, tendo seu comezo previsto para o 1 de outubro de 2010 e estenderse ate o 30 de setembro do 2011 de acordo co seguinte cronograma.

Acción	Meses											
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII
Información pública do proxecto	■											
Elaboración de folletos, guía e páxina web	■	■										
Selección das familias de beneficiarios directos		■										
Realización de obradoiros formativos			■	■								
Entrega de composteiros			■	■								
Seguimento e coordinación			■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
Avaliación e presentación de resultados												■
Plan de comunicación	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■

Este marco temporal está pensado para que dé tempo a xerar todos os procesos de selección de participantes, a súa formación, entrega de material e posta en servizo dos composteiros e para que estes desenvolvan completamente a primeira produción de compost, de xeito que poida determinarse a calidade e contrastar as posibles desviacións dos obxectivos marcados.

#### Orzamento

Concepto	Unidades	Custe/ud	subtotal
composteiros	52	70	3640
páxina web	1	2400	2400
obradoiros municipais	5	400	2000
deseño folletos	1	400	400
impresión folletos	2500	0,4	1000
deseño guías	1	1400	1400
impresión guías	375	4,2	1575
gastos funcionamento	1	2500	2500
coordinación seguimento e divulgación	1	7000	7000
<b>TOTAL (en euros)</b>			<b>21915</b>

## Financiamento

---

	Euros	porcentaxe
Subvención solicitada	19.715	89,96%
Aportación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos	2200	10,04%

Anualidades	Meses	execución	Solicitado XUNTA	Achega asociación	total
2010	3	25%	4.928,75	550,00	5.478,75
2011	9	75%	14.786,25	1.650,00	16.436,25

Acórdase aceptar a axuda e habilitar ao presidente para a súa posta en marcha.

### 4.2. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

#### 4.2.1. MEDIDA 411: DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

##### 4.2.1.1. Centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira L09-41100-29-0024:

Con data 17 de decembro de 2009 a Fundación para o Avance Científico da Veterinaria en Galicia (ACIVEGA) ten presentado unha solicitude de axuda para unha iniciativa que consistirá en poñer en marcha un Centro Productivo para a Multiplicación e Distribución da Galiña Piñeira, no Concello de Abegondo.

A Fundación ACIVEGA é unha institución sen ánimo de lucro que se constitúe no ano 2004, ano no que foi recoñecida pola Xunta de Galicia Fundación de Interese Galego e inscrita no rexistro correspondente. Esta Fundación ten por obxecto a elaboración e execución de programas formativos de carácter profesional, científico ou cultural para os veterinarios colexiados e organizar e promover actividades e servizos comúns de interese para os colexiados de carácter profesional, formativo, cultural ou asistencial.

Os obxectivos que se perseguen con este proxecto, que se consideraría de carácter produtivo, son entre outros, os seguintes:

- A produción de pitos de un día certificados para a produción de carne da raza Galiña Piñeira. Destacar que o futuro centro de Abegondo sería o primeiro, e ata o momento a única instalación produtora de exemplares de pito de Galiña Piñeira seleccionados.
- A mellora xenética da raza de Galiña Piñeira seleccionada para a produción de carne, a través de actividades de investigación e científico-tecnolóxicas necesarias para a mellora orientada á produción de carne da raza Galiña Piñeira co obxectivo de aumentar a calidade e por tanto o valor comercial do “Polo Piñeiro”.
- A promoción e posta en valor deste patrimonio natural, a través da especialización como Centro de Interpretación da Galiña Piñeira, realizando labores de divulgación, difusión e promoción da raza.
- A formación e impulso para a inserción laboral de persoas discapacitadas. Se pretende asinar un Convenio coa Asociación Pro Enfermos Mentais (APEM), para contratar traballadores discapacitados, para realizar as funcións de coidado e reprodución da Galiña Piñeira.

Para a realización de todas as funcións descritas como obxectivos anteriormente, será necesario que o Centro conte con todas as instalacións adecuadas para desenvolvelas. A estrutura do Centro se definirá en tres módulos independentes para cada función do centro dunha soa altura:

### **1. Zona produtiva:**

Espazo dedicado á cría e reprodución controlada da Galiña Piñeira. Estará provista de poleiros, comedeiros e bebedeiros, contando cunha superficie pechada, na que se atopan os niños e un parque aberto de 400 metros cadrados de terra batida cercado por malla polos catro costados e cuberto na parte alta con malla.

a. 2 Galiñeiros con capacidade para 100 galiñas cada un.

b. Módulo de incubación, que contará con catro recriadoras, que sería unha instalación autónoma que recolle os animais recién nado se mantenos ata que son capaces de valerse por si mesmos, e nove incubadoras con capacidade para 240 ovos cada unha.

c. Módulo de almacén e vestiario .

### **2. Zona de investigación:**

Constará dun módulo de laboratorio que estará conformado por unha construción de planta baixa. O módulo contará co instrumental e equipamento necesario para a realización dos análises que permitan estudar a variabilidade xenética e definir os caracteres que determinen o proceso de selección xenética.

O laboratorio terá que estar equipado, coa tecnoloxía suficiente para levar a cabo os análises, que permitan a certificación da selección xenética dos pitos producidos no centro e que serán distribuídos ós produtores.

### **3. Zona de divulgación:**

Este Módulo de divulgación e formación contará cunha zona de recepción, un despacho, unha sala de xuntas e unha aula. Neste módulo estará situada a exposición de materiais audiovisuais, posters e maquetas que conformaran o material divulgativo.

Con este proxecto se pretenden crear 4 postos de traballo (2 coidadores, 1 veterinaria e 1 administrativa). Os investimentos ascenderían a 502.645,51 euros aproximadamente e irían dirixidos á construción do centro, ó equipamento do laboratorio, e á compra de xaulas de cría e incubadoras.

Este Centro de Selección e conservación estará deseñado para causar o mínimo impacto medioambiental na zona.

Con data 21 de xullo de 2010, Agader require a división do expediente en dous, porque considera que parte do proxecto se encadra na medida 413 e parte na medida 411, dando lugar a dous expedientes coas seguintes denominacións:

1.-L09-41100-29-0024 Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira

2.-L10-41300-29-0057 Posta en marcha dun Laboratorio de Investigación para a conservación e certificación da raza Galiña Piñeira.

Con data 20 de setembro envíase a Agader contestación ó requerimento anterior e as solicitudes dos ICES dos novos expedientes anteriores.

Con data 11 de novembro, Agader require o envío do código da explotación agraria e outras aclaracións.

Con data 19 de novembro de 2010, Agader comunica a emisión do ICE favorable do expediente “L09-41100-29-0024 Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira”

Este proxecto acadou un total de 66 puntos, correspondéndolle un 40% de axuda, resultando un importe de 98.739,05.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 246.847,63.-€

A Xunta Directiva deberá efectuar a proposta de resolución, de xeito motivado, para ser posteriormente remitida á Dirección Xeral de AGADER.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que este proxecto contribue a dinamizar o sector agrario no territorio, ademáis de poñer en valor o patrimonio natural da Galiña Piñeira.

Tamén acorda que se envíe dita resolución a Agader

#### **4.2.1.2. Gastos de funcionamento do ano 2010 L10-431A-29-0002**

A Xunta Directiva solicitou a utilización dos fondos sobrantes da medida 431B(gastos de divulgación) da anualidade 2010 para financiar os gastos de funcionamento da anualidade 2010(medida 431A), por un importe de 12.514,01.-€

Con data 18 de novembro de 2010 recibese autorización de Agader da nova redistribución de fondos.

A Xunta Directiva ratifica a incorporación anterior.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22:00 horas.

En Bergondo, a 18 de novembro de 2010

A Secretaria  
Asdo.: Dna Concepción Lema Torre

Vº e praxe O presidente  
Asdo.: Jose A. Santiso Miramontes